





# PUNTA LANGOSTEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta  
febreiro 2018




**Distancia:** 3,5 a 5 km (circular con desvíos)

**Dificultade:** baixa



## Entre o porto de Suevos e o Porto Exterior

Punta Langosteira é o punto máis saínte dunha pequena península que se atopa na costa de Arteixo, curiosa por ter caras de forte contraste, unha protexida que acolle una pequena praia e o mínimo porto de Suevos, outra enfrontada ao mar aberto, e a terceira ocupada pola inmensidade do Porto Exterior da Coruña. Por esta razón ou por gozar da contorna e das paisaxes que se abranguen desde ela, que inclúen o espazo que hai entre o monte e as illas de San Pedro, ao leste, ata as illas Sisargas, ao oeste; merece unha visita e facer un roteiro circular duns 3,5 km, e chegar a 5 km se facemos desvíos, para gozar de todas as súas facetas.



Punta Langosteira


Para chegar alí saímos de Arteixo pola estrada que vai á Pastoriza e alí collemos o desvío a Suevos e ao porto, onde comezamos o percorrido. O primeiro tramo, do porto á punta Langosteira, faise seguindo a liña da costa por carreiros de pés, nalgúns tramos non moi marcados, e nel atopamos un pequeno coído e un par de saíntes e entrantes nos cantís nos que as rochas presentan unha curiosa estrutura, que fan ao lugar merecente de estar incluído no Catálogo de Lugares de Interese Xeolóxico, e a propia punta Langosteira. Desde aquí xa non é posible seguir pola beira dos cantís (imposibilitao a forte pendente) e hai que subir á pista principal e nela coller cara á dereita, aínda que remata uns 300 m máis adiante sen posibilidade de continuar, a uns 100 m de incorporarnos a ela sae á esquerda un camiño que permite cruzar pola parte alta e enlazar noutra pista, ao pé do valado do Porto Exterior, e por ela e por un camiño que vai paralelo ao valado volvemos ás casas do lugar e ao porto para rematar o percorrido. No terreo ocupado polo Porto Exterior atopábase o cabo Cociñadoiro un espazo que acollía un asentamento prehistórico (castro litoral ou factoria metalúrxica?) que foi excavado, estudado, desmantelado e arrasado, no máis absoluto dos segredos, durante a construción das instalacións do porto.



Punta Langosteira



Boleira das Antas



A Malveira e a Punta do Salto



Rochas na Punta do Salto



Praia e porto de Suevos



Porto Exterior da Coruña, construído no cabo Cociñadoiro

## LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO (LIG 21004)

**Punta Langosteira** (pregues na Serie de Ordes)

Interese: Tectónico. Estratigráfico. Xeomorfolóxico.  
Petroolóxico-xeoquímico.

Unidade Xeolóxica: Estruturas e formacións do Oróxeno  
Varisco no Macizo Ibérico.

Distintos tipos de pregues en bandas graníticas e xistos

